

A hand is shown in the center, pointing upwards with the index finger. The background is a solid blue color. Overlaid on the hand and background is a network diagram consisting of several circular nodes, each containing a person icon, connected by thin lines. The nodes are arranged in a roughly circular pattern around the hand.

# PLAN DIXITAL

CEP Plurilingüe de  
Riomaior

xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
  - 1.1. Datos básicos do centro
  - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
  - 1.3. Breve xustificación do mesmo
  - 1.4. Proceso de elaboración
  
2. **Situación de partida**
  - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
  - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
  - 2.3. Análise DAFO
  
3. **Plan de Acción**
  - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
  - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
  
4. **Avaliación do PD**
  - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
  - 4.2. Propostas de mellora (revisión)
  
5. **Difusión do PD**

## Introdución

### Datos básicos do centro

- **Nome do centro:** Cep Plurilingüe de Riomaior
- **Dirección:** Riomaior 17, Sta. Cristina de Cobres, Vilaboa.
- **Correo electrónico:** cep.riomaior@edu.xunta.gal
- **Páxina web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/cepriomaior/>
- **Etapas educativas:** Educación Primaria.

### Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEP Plurilingüe de Riomaior está radicado ao fondo da ría de Vigo trala ponte de Rande, ao carón do río Maior do que toma o nome. Goza de boa comunicación tanto con Vigo como con Pontevedra.

Actualmente a composición xurídica é de 6 unidades de educación primaria, estando as 6 en funcionamento. O centro está adscrito ao CPI Toural e, á súa vez, ten adscritas as escolas infantís de Pousada e Barciela, que forman parte do CRA de Vilaboa.

Na escola convive alumnado de distintas procedencias culturais e niveis socioeconómicos.

No momento da elaboración deste documento, o centro conta con 109 alumnos e alumnas e un claustro formados por 13 membros.

A creación do Plan Dixital viña sendo dende tempo atrás de carácter urxente para a nosa escola dende tres perspectivas diferentes:

A nivel documental: Se ben existe xa no centro o Plan TIC, a realidade é que non é un plan suficientemente amplo nin específico, polo que é necesario ter un documento que se adapte á lexislación europea centrado en aspectos recollidos no DigComEs.

A nivel pedagóxico: O centro ten que dar resposta ao establecido pola LOMLOE en canto a competencia dixital, implicando as habilidades dixitais necesarias para o desenvolvemento do alumnado. Para isto é necesario analizar o punto onde se atopa o centro e establecer obxectivos de mellora coa finalidade de crear un centro no que o alumnado poida adquirir as destrezas e as competencias dixitais necesarias para o seu correcto desenvolvemento.

A nivel material: O centro, aínda que conta con equipos informáticos e dixitais, moitos están obsoletos ou con funcionalidades reducidas pola súa antigüidade. Neste Plan Dixital tamén se reflicte o estado e necesidades de equipamento.

### Breve xustificación do mesmo

A normativa relativa ao Plan Dixital é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o

desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do Plan Dixital para o curso escolar 2022-2023 correu a cargo do coordinador do PD (Adrián Martínez Iglesias) e da dirección do centro (Mari Carmen Negro).

Os pasos que se seguiron foron os seguintes:

1. Análise da situación do centro mediante a ferramenta SELFIE.
2. Análise da Competencia Dixital Docente mediante a ferramenta Test CDD.
3. Análise DAFO.
4. Creación do plan de acción para o curso escolar 2022-2023.
5. Redacción do Plan Dixital.

### Situación de partida

## Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

a) **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:** o centro dispón de acceso físico a rede dende todas as aulas do centro e de cinco puntos de acceso Wifi colocados estratéxicamente. O centro ten a miúdo problemas de conectividade na rede Wifi.

b) **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:**

Aulas dixitalizadas: o centro con proxectores e portátiles para as aulas principais, aínda que non todas teñen PDI, existindo algunhas ubicadas en clases de desdobre.

Proxecto Edixgal: o centro non participa neste proxecto.

Equipos de xestión e administración: o equipo directivo e o persoal de administración posúe de un equipo por membro.

Biblioteca: na biblioteca existe un só equipo, obsoleto.

Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: na sala de profesorado atópanse 3 equipos operativos obsoletos.

Equipos ultraportátiles para aula móbil: non se dispón de quipos ultraportátiles.

Aulas de informática: o centro ten unha aula de informática operativa.

Dotacións para proxectos específicos: o centro ten 8 ordenadores destinados ao alumnado en fenda dixital para repartir entre o alumnado con poucos recursos en caso de confinamento.

- c) **Servizos dixitais educativos:** no centro úsanse os principais servizos dixitais educativos proporcionados pola administración:

Abalar móbil: para comunicarse coas familias

Xade: servizo de xestión académica do centro educativo.

Aula virtual Moodle: aula virtual do centro.

Páxina web do centro.

- d) **Xestión do mantemento do equipamento do centro:** O centro conta cunha empresa externa "NOUTRORA" que realiza funcións de mantemento puntuais. O coordinador TIC tamén dispón de dúas horas semanais para realizar tarefas relacionadas co mantemento básico dos equipos.

- e) **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:**

*Plan TIC*

## Fontes empregadas para a análise DAFO

Para realizar a análise DAFO empregamos dúas ferramentas básicas: Test Selfie e Test CDD. Neste apartado amósase unha síntese dos resultados obtidos.

### A) Informe SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	4,3
	Profesorado	3,8
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,9
	Profesorado	3,4
	Alumnado	3,8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,9
	Profesorado	3,7
	Alumnado	4,2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,5
	Profesorado	4
	Alumnado	

<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	4,6
	Profesorado	4
	Alumnado	
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	4,2
	Profesorado	3,1
	Alumnado	3,7
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	2,9
	Alumnado	
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,3
	Alumnado	3,9

## B) Test CDD

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	7	9	77,8%
<b>PROVISIONAL</b>	1	1	100%
<b>INTERINO</b>	3	3	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	1	1	100%
<b>OUTROS</b>	1	1	100%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
73,2	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>PRIM</b>	68,8	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	1	7,7%
<b>A2</b>	6	46,2%
<b>B1</b>	4	30,8%
<b>B2</b>	1	7,7%
<b>C1</b>	1	7,7%
<b>C2</b>	0	0%
<b>TOTAL</b>	13	100,00%

## Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e do Test CDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>Existen suficientes espazos e dispositivos dixitais para a ensinanza.</li> <li>Dispositivos dixitais para a aprendizaxe destinados á labor docente.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Dispositivos para o alumnado.</li> <li>Traer o propio dispositivo (existe normativa interna).</li> <li>Tecnoloxías asistenciais.</li> </ol>
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>Expresa necesidade e desexo de participación no DPC e no intercambio de experiencias.</li> <li>Adaptación ás necesidades do alumnado.</li> <li>Avaliación das capacidades empregando ferramentas dixitais.</li> <li>Documentación e autorreflexión da aprendizaxe.</li> <li>Emprego de datos para mellorar a aprendizaxe.</li> <li>Transformación da práctica docente co uso da ferramentas dixitais.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Creación de recursos dixitais.</li> <li>Fomento da creatividade.</li> <li>Fomento de proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</li> <li>Competencias dixitais insuficientes.</li> <li>Uso activo e creativo de aulas virtuais.</li> <li>Non hai suficiente retroalimentación dixital.</li> <li>Avaliación das capacidades desenvoltas fóra do centro.</li> </ol>
	PERSOAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>Boa comunicación coa comunidade educativa.</li> </ol>	
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> <li>Colaboración e implicación.</li> <li>Comportamento seguro e responsable.</li> <li>Verificar a calidade da información.</li> <li>Aprender a comunicarse.</li> <li>Desenvolver habilidades dixitais para diferentes materias.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Outorgar recoñecemento ou facer comentarios ao traballo dos demais.</li> <li>Creación de contidos dixitais.</li> <li>Aprender a codificar e programar.</li> <li>Resolver problemas técnicos.</li> </ol>
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> <li>Existe participación e colaboración por parte das familias.</li> <li>Boa comunicación coa comunidade educativa.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Baixa competencia dixital.</li> </ol>
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> <li>Recursos educativos en liña e abertos.</li> <li>Debate aberto na comunidade educativa sobre o uso da tecnoloxía.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Biblioteca / repositorios en liña.</li> </ol>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> <li>Existe unha estratexia dixital, desenvolta co profesorado e que fomenta as novas modalidades de ensinanza.</li> <li>Existen equipos de asistencia técnica: un equipo de asistencia técnica externo e o equipo TIC de xeito interno.</li> <li>Existe debate sobre a brecha dixital, buscando medidas para identificar retos e apoio para abordalos.</li> <li>Avaliación sobre o progreso sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</li> <li>Foméntase o uso de ferramentas dixitais para a avaliación.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Sinexias para a aprendizaxe mixta.</li> <li>Colaboracións.</li> </ol>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
ADMINISTRACIÓN		<ol style="list-style-type: none"> <li>Achegas económicas que recibe o centro.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Estabilidade laboral do persoal docente.</li> </ol>

CATEGORÍAS	EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> <li>2. Estabilidade laboral do persoal non docente.</li> <li>3. Acceso a internet.</li> <li>4. Actuacións da administración educativa para a dixitalización da ensinanza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2. Dotación de equipamento tecnolóxico.</li> <li>3. Tecnoloxías asistenciais.</li> <li>4. Existencia de proxectos externos e actividades formativas: Pouco visibilizadas / dinamizadas.</li> </ul>
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. A lexislación contempla e fomenta o uso de ferramentas e entornos dixitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Tempo para explorar a ensinanza dixital.</li> <li>2. Norma sobre os dereitos de autor e licenzas de uso.</li> <li>3. Normativa sobre a protección de datos.</li> </ul>
	CONTORNA		<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Condicións socioeconómicas da contorna.</li> <li>2. Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo.</li> </ul>
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Existe boa relación coa ANPA.</li> </ul>	
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Relacións con persoas que non forman parte da comunidade educativa: concello e diferentes entes da vila abertas a diálogo e colaboración.</li> </ul>	



## Plan de Acción

O plan de acción anual consiste nas accións que se levarán a cabo cada curso escolar para cumprir cos obxectivos do P.D.

O plan de acción establécese a partir das necesidades e recursos dispoñibles detectados no curso de elaboración 21-22, e será modificado anualmente segundo a evolución da consecución dos obxectivos e dos recursos dispoñibles.

### Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez realizada a análise DAFO identifícanse as áreas de mellora prioritarias xunto coas debilidades e fortalezas do centro.

Isto permite fixar uns obxectivos para o curso académico, que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal.

Os obxectivos e as accións necesarias para cumprimentar ditos obxectivos, así como a súa secuenciación e indicadores de consecución establécense nas seguintes táboas.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)			
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Mellorar a competencia dixital das familias.		
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC.		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Fitos de desenvolvemento da competencia dixital básica.		
<b>Valor de partida:</b>	Non aplica (sen datos previos exactos).		
<b>Valor previsto e data:</b>	Participación do 20% das familias, cunha porcentaxe de éxito do 80% de fitos. Mínimo de 1 sesión trimestral.		
ACCIÓN A DESENVOLVER			
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS
AO1.1: Elaborar un plan de formación centrado en competencias dixitais básicas.	Equipo TIC.	30-09-2022	Equipos informáticos e espazo de reunión.
AO1.2: Organizar e impartir as sesións do plan de formación.	Equipo directivo e equipo TIC.	31-5-2023	Espazo para realizar a formación e equipos informáticos.
AO1.3: Autoavaliación dos participantes seguindo os fitos marcados.	Equipo TIC e familias.	31-5-2023	Cuestionario de autoavaliación e seguimento de fitos.

--	--	--	--

Área/s de mellora: Pedagogía:Apoios e recursos (E)			
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Usar a aula virtual de xeito activo e creativo.		
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC.		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Rúbrica de actividade e variedade de recursos e tarefas.		
<b>Valor de partida:</b>	Non aplica (non existen datos previos).		
<b>Valor previsto e data:</b>	40% dos cursos da aula virtual obteñen valoracións positivas segundo a rúbrica.		30 de xuñ
ACCIÓNS A DESENVOLVER			
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS
AO2.1: Elaborar a rúbrica de seguimento do uso da aula virtual.	Equipo TIC.	30-09-2022	Equipos informáticos e dispoñibilidade de reunión.
AO2.2: Formar ao profesorado nas diferentes opcións e posibilidades da aula virtual.	Equipo TIC.	31-10-2022	Aula de informática e posibilidade de reunión.
AO2.3: Empregar a aula virtual con continuidade.	Titorías.	31-05-2023	Aula virtual.
AO2.4: Comprobar o grao de actividade e variedade de tarefas seguindo a rúbrica de avaliación.	Titorías e equipo TIC.	30-06-2023	Rúbrica de avaliación.

Área/s de mellora: Pedagogía:Apoios e recursos (E)			
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Adquirir competencias dixitais na creación e edición de recursos.		
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a do PFPP.		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de docentes que crean recursos.		
<b>Valor de partida:</b>	Sen especificar.		
<b>Valor previsto e data:</b>	50% dos docentes crea ou edita, polo menos, 5 recursos dixitais e os comparten na aula virtual.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER			
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS

AO3.1:Relizar un PFPP para a creación e edición de recursos dixitais.	Equipo directivo e coordinador/a do PFPP.	31-05-2023	Aula de informática + formadores.
AO3.2:Implementar as competencias dixitais que se adquiren co PFPP.	Equipo TIC + titorías.	31-05-2023	Equipos informáticos e aula virtual.
AO3.3: Elaborar e pasar unha enquisa ao profesorado sobre o uso e posta en práctica de competencias dixitais. Poñer en común as experiencias.	Equipo TIC.	30-6-2023	Enquisa + aula virtual.

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)			
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Resolver problemas técnicos básicos.		
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC.		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Rúbrica de logros.		
<b>Valor de partida:</b>	Non aplica (sen datos exactos previos).		
<b>Valor previsto e data:</b>	Un 60% do alumnado sabe resolver problemas técnicos básicos.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER			
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS
AO4.1: Elaborar un plan de formación ao alumnado sobre a resolución de problemas técnicos básicos relacionados con: conectividade, audio, vídeo, hardware e software. Adecuar o plan aos diferentes niveis.	Equipo TIC.	30-09-2022	Espazo e tempo para reunirse e elaborar o plan de traballo.
AO4.2:Implementar o plan de formación co alumnado.	Equipo TIC e titorías.	31-5-2023.	Espazo para dar a formación e coordinación coas titorías para dispor de tempo.
AO4.3: Recoller datos do alumnado para avalialos a través dunha rúbrica.	Equipo TIC e titorías.	31-5-2023	Rúbricas.

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)			
<b>OBXECTIVO 5:</b>	Crear contidos dixitais: creación e edición básica de audio e vídeo.		
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a PFPP.		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Creacións propias do alumnado colgadas na aula virtual.		
<b>Valor de partida:</b>	0 creacións propias na aula virtual. Só programas de radio, pero editados polo profesorado.		
<b>Valor previsto e data:</b>	1 creación propia en cada curso do 1º ciclo, 2 no 2º ciclo e 3 no 3º ciclo, colgadas na aula virtual.		31 de maio de 2022
ACCIÓNS A DESENVOLVER			
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS
<b>AO5.1: Elaborar un plan de formación para o alumnado, axeitado aos diferentes niveis.</b>	Equipo TIC + titorías.	30-09-2022	Espazo e tempo para organizar o plan.
<b>AO5.2: Poñer en marcha o plan de formación do alumnado.</b>	Equipo TIC + titorías.	31-3-2023	Espazos e equipos para desenvolver a formación e coordinación coas titorías.
<b>AO5.3: Crear ou editar contidos e compartilos na aula virtual.</b>	Equipo TIC + titorías.	31-5-2023	Equipos informáticos, croma, radio escolar e todo aquel equipamento que as titorías precisen e do que dispoña o centro.

## Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Unha vez revisado o equipamento e infraestruturas tecnolóxicas do centro establécense as seguintes necesidades nas ubicacións do curso 2021-2022.

Aula	Equipamento necesario	Motivo
1º	Equipo informático	Obsoleto
	PDI	Non existe
2º	Equipamento de audio	Insuficiente calidade e volume para o conxunto da clase
	PDI	Non existe
3º	Equipamento de audio	Insuficiente calidade e volume para o conxunto da clase
	PDI	Non existe
4º	Equipo informático	Obsoleto
	PDI	Non existe

	Equipamento de audio	Insuficiente calidade e volume para o conxunto da clase
5º	Equipo informático Equipamento de audio	Obsoleto Insuficiente calidade e volume para o conxunto da clase
6º	Equipo informático Equipamento de audio	Obsoleto Insuficiente calidade e volume para o conxunto da clase
Biblioteca	Equipo informático	Obsoleto
ART	Equipamento dixital completo: equipo, PDI e audio.	Non existe
Educación Física	Pantalla interactiva Sistema de audio	Non existe Non existe
Orientación	Equipo informático	Obsoleto
Pedagoxía terapéutica	Equipo informático	Obsoleto
Audición e linguaxe	Equipo informático	Obsoleto
Música	Equipo informático PDI	Obsoleto Non existe
	10 equipos informáticos	Equipos obsoletos e insuficientes en número para o alumnado Obsoleto
Aula de informática	Equipo informático para o mestre Equipamento de audio	Insuficiente calidade e volume para o conxunto da clase
Sala de mestres	3 equipos informáticos	Obsoletos
Secretaría	Equipo informático	Obsoleto
Dirección	Equipo portátil	Obsoleto
	Equipo informático PDI	Obsoleto Non existe
Aula de inglés	Equipamento de audio	Insuficiente calidade e volume para o conxunto da clase
Dispositivos de centro	Tabletas	Insuficientes en número para o alumnado, hai 4 por clase
	Pantallas interactivas	Insuficientes en número, hai 1 para todo o centro
	Dispositivo de gravación	Obsoleto
<i>Necesidades de equipamento e infraestruturas tecnolóxicas</i>		

## Avaliación do plan

Para avaliar o PD levaranse a cabo as seguintes accións:

- Avaliación procesual ao remate de cada trimestre, na que se terán en conta os seguintes aspectos: estado da execución das accións, análise e valoración dos

resultado e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e propostas de mellora.

- Avaliación final ao remate do curso académico na que se terán en conta: a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

### **Difusión do plan**

A difusión do Plan Dixital levarase a cabo a través da páxina web do centro, <https://www.edu.xunta.gal/centros/cepriomaior/>.

Darase a coñecer en sesións informativas para a comunidade educativa.

O documento estará accesible en formato físico no moble do corredor, situado ao carón do despacho de dirección, para que poida ser consultado por calquera persoa da comunidade educativa.